



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO:

Area Carracedo, Iván
Cabeza Pereiro, M^a. Carmen
Cidrás Pidre, José
Fernández Pulpeiro, Ana
Gago Rodríguez, Alberto
Gálvez Gálvez, Juan Francisco
García Mateo, M^a Del Carmen
García Pino, Antonio
González Pillado, Esther M^a
Hernández Sánchez, Jesús
Membiola Iglesia, Pedro
Montero Muñoz, María
Sánchez Bermúdez, Ángel Manuel
Vázquez Otero, María Elsa

DECANOS/DIRECTORES:

Garrido Valenzuela, Irene
González Piñeiro, Luis
Iglesias Antelo, Beatriz
Mejuto Fernández, Juan Carlos
Muñoz López, Luis
Pereira Domínguez, Alejandro
Pousada Carballo, José María
Suárez Pazos, Mercedes
Vidal Vázquez, Ricardo

PDI-A:

Barcia Rodríguez, Ignacio
Blanco Pesqueira, Antonia
Dominguez Martín, Jorge
González Vázquez, Encarnación
Legido Soto, José Luis
Rodríguez Berrocal, Francisco Javier

PDI-B

Rodeiro Iglesias, Javier

ESTUDANTES

Fariñas Valiña, Iago
Puga Alonso, Javier
Riobó Fernández, Aída
Varela Martínez, Iago

PAS:

Bernal Gómez, Rosa
Cebro Rodríguez, Anxo M.

Mollinedo Lois, Carlos

CONSELLO SOCIAL:

López Atrio, María Laura
Pérez Mato, Federico

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Martínez Insua, Ana Elina
Ortiz Torres, Luis
Tourón Estevez, Sonia

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 10 de marzo de dous mil nove, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e as 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría

O martes, día 10 de marzo de 2009, ás 10:05 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 12 de febreiro de 2009.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, de prazas a prover mediante concurso de acceso entre acreditados.
4. Aprobación, se procede, de comisión de servizos.
5. Aprobación, se procede, do Programa especial de consolidación de cadros de profesorado en área/campus.
6. Aprobación, se procede, das Normas de POD para o curso 2009/2010.
7. Aprobación, se procede, do límite de prazas para o curso 2009/2010.
8. Resolución do recurso de alzada presentado pola Prof^a. Montserrat Vázquez Gestal contra os acordos da Comisión permanente de 7 de outubro de 2008 e do Consello de Departamento de 19 de decembro de 2008 do Departamento de Dereito Público Especial, Comunicación Audiovisual e Publicidade.
9. Execución da sentenza do Tribunal Supremo do 6 de marzo de 2007, relativa á anulación do acordo da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo de 24 de xuño de 1999 polo que se crea a entidade Cidade Universitaria, S.A.
10. Aprobación, se procede, da adscrición á Universidade de Vigo do Centro Universitario da Defensa.

11. Aprobación, se procede, do Acordo sobre selección temporal, acceso interno e adscrición provisional do persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo.
12. Aprobación, se procede, do Acordo sobre criterios de incorporación e cesamento do persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo derivados dos procesos de provisión e selección.
13. Aprobación, se procede, da adhesión da Universidade de Vigo á Rede Española de Universidades Saudables (R.E.U.S.).
14. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Protocolo de colaboración coa Consellería de Innovación e Industria, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña, para regular determinados aspectos da convocatoria correspondente ao ano 2008 do programa horizontal de recursos humanos do Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica-incite (2006-2010).
15. Elección para cubrir unha praza vacante do sector de estudantes na Comisión de reclamacións a prazas de profesorado contratado.
16. Elección para cubrir as seguintes vacantes en comisións delegadas do Consello de Goberno: Comisión de planificación e asuntos económicos (1 membro do Consello Social).
17. Rogos e preguntas.

Punto 1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 12 de febreiro de 2009.

Apróbase por asentimento.

Punto 2. Informe do reitor.

Informa o reitor que presentou a súa dimisión como director do CACTI o Sr. Liz Marzán e do nomeamento da Sra. Longo González.

Informa tamén que o día 11 de marzo estará no campus a Ministra de Defensa para a firma do convenio de adscrición do Centro de Ensinanza Militar ubicado na Escola Naval de Marín á Universidade de Vigo. Acto ao que invita a todos os asistentes.

Por último informa que houbo acordo co Ministerio de Ciencia e Innovación para as fichas de enxeñaría informática. A estrutura das fichas é a mesma que a das restantes enxeñarías reguladas.

O Prof. Legido, entende que debería aprobarse primeiro o convenio de adscrición neste Consello e despois fixar o acto de sinatura coa Ministra.

O reitor resposta efectivamente que iso é así pero desde o Ministerio de Defensa se fixou a data para ese día por razóns de axenda da Ministra e se configura como un acto protocolario.

O Prof. Legido pregunta se é necesario facer modificacións do plan de estudos de enxeñaría informática á vista das fichas..

A vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea sinala que se esperará ao que diga o informe provisional da ANECA e, unha vez estudadas con detalle as fichas se verá que adaptacións concretas deben facerse no plano de estudos.

Punto 3. Aprobación, se procede, de prazas a prover mediante concurso de acceso entre acreditados.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen sinala que, por parte da COAP, reunida o pasado 04/03/09, dáse o informe favorable das seguintes solicitudes de prazas de Profesor Titular de Universidade:

Unha praza de Profesor Titular de Universidade na área de Edafoloxía e Química Agrícola (240). Trátase dunha praza xerada pola disposición transitoria do Regulamento de Profesorado. O Investigador Ramón y Cajal da Universidade de Vigo, D. José Eugenio López Peirago, acadou acreditación ao corpo de Profesores Titulares de Universidade. O citado investigador foi visitante a tempo completo antes da entrada en vigor dos Estatutos, polo que o seu dereito a promoción está contemplado na dita transitoria.

Unha praza de Profesor Titular de Universidade na área de Nutrición e Bromatoloxía (640). A profesora contratada doutora Dna. Beatriz Cancho Grande acadou acreditación ao corpo de Profesores Titulares de Universidade.

Unha praza de Profesor Titular de Universidade na área de Enxeñaría Química (555). O profesor contratado doutor D. Gil Garrote Velasco acadou acreditación ao corpo de Profesores Titulares de Universidade.

Por parte da COAP, dáse tamén o informe favorable da solicitude dunha praza de Catedrático de Universidade na área de Física Aplicada (385). O profesor titular de universidade D. Juan M. Pou Saracho acadou acreditación e ten tres tramos de investigación polo que entra dentro do suposto do apartado b) do acordo de Consello de Goberno de 26/01/08 relativo a criterios e procedemento de promoción ao corpo de Catedráticos de Universidade.

Dáse tamén informe favorable a dúas solicitudes de prazas de Catedrático de Universidade que entran dentro do suposto do apartado a) do mesmo acordo de Consello de Goberno. As prazas son as seguintes:

Area 755 Química Física. Departamento de Química Física. Profesor acreditado: D. Juan Carlos Mejuto Fernández. Número de profesores con vinculación permanente: 16. Corresponderían 4 prazas. Actualmente son computables 2 cátedras, toda vez que as dúas

novas prazas de Catedrático de Universidade en concurso foron aprobadas conforme ao criterio B, por tres sexenios, e non computan.

Area 555 Enxeñaría Química. Departamento de Enxeñaría Química. Profesora acreditada: Dna. Herminia Domínguez González. Número de profesores con vinculación permanente: 23. Corresponderían 5 prazas. Actualmente constan con 4 cátedras.

Apróbase por asentimento.

Punto 4. Aprobación, se procede, de comisión de servizos.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen expón que a petición do departamento de Bioloxía Funcional e Ciencias da Saúde, a COAP, reunida o pasado 04/03/09 informou favorablemente ao Consello de Goberno para que se solicite por parte da Universidade de Vigo a comisión de servizos a favor da profesora doutora e titular de Escola Universitaria da Universitat de Les Illes Balears, Dna. Berta Paz Lourido a efectos da súa incorporación na área de Fisioterapia.

A solicitude ven motivada polas necesidade de profesorado doutor na área cara a implantación do grao en Fisioterapia.

Apróbase por asentimento.

Punto 5. Aprobación, se procede, do Programa especial de consolidación de cadros de profesorado en área/ campus.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen sinala que se trae hoxe a Consello de Goberno unha proposta do programa especial de consolidación dos cadros de persoal docentes. O programa da cumprimento ao compromiso de revisión do concepto da carga docente básica e a súa configuración ven fortemente condicionada pola próxima implantación dos estudos de grao a partir do curso 2009/10.

A medida de carga básica e a definición dos cadros de persoal básicos para afrontar as novas titulacións requirirán un tempo prudencial para ter datos acerca da demanda dos diferentes estudos que se implanten. Estimamos que tres cursos académicos é un tempo prudencial, o que significa que o POD do curso 2012/13 podería xa facerse con criterios de cadro de persoal teórica derivada dos novos estudos, contando xa cos datos da entrada de 3º curso da maior parte dos estudos de grao.

Neste suposto, deben afrontarse tres POD's 2009/10, 2010/11 e 2012/12 nos que a medida habitual da carga básica vese afectada nun sentido decrecente pola extinción progresiva dos cursos correspondentes ás titulacións actuais.

Compre polo tanto tomar medidas específicas que permitan a transición entre un sistema e outro sen que isto supoña unha paralización no proceso de consolidación de cadros de persoal.

Estas medidas pretenden tamén corrixir dúas situacións mencionadas na proposta:

- ✓ Áreas sen capacidade de consolidación, pero cun forte desequilibrio entre os campus onde imparte docencia, de xeito que nun campus o cadro de persoal está plenamente consolidado e incluso con folgura, mentres que noutro quedan anuladas as expectativas de consolidación como consecuencia de que o cómputo de carga básica establécese por áreas completas.
- ✓ Áreas sen capacidade de consolidación, pero con cadros de persoal sobrecargados de profesorado asociado contratado e prorrogado reiteradamente por persistir necesidades docentes ano tras ano.

O programa proposto sería aplicable aos próximos tres POD's e baséase nos seguintes puntos:

- a) Considerar para o período de vixencia do programa a carga básica de referencia establecida na COAP de 20/05/08, e considerar a dita carga distribuída por campus segundo consta no anexo. Autorizar prazas consolidables contabilizando o habitual balance carga-capacidade básicas por campus. Para estes efectos cada profesor ou profesora contabilizará no campus onde impartira docencia maioritaria no último curso.
- b) Considerar a dedicación do profesorado asociado e axudantes, contratado ao longo dos cursos 2006/07, 2007/2008 e 2008/09 e denomínelo *dedicación efectiva de profesorado non consolidable* que tamén queda distribuída por campus e autorizar unha praza consolidable por cada 45 créditos desta dedicación efectiva nun mesmo campus. Como exemplo, isto equivale a contratar un profesor con vinculación permanente por cada tres asociados P5 contratados de forma reiterada durante tres cursos nun mesmo campus e área. Limitase a tres prazas nunha mesma área e campus por este criterio.
- c) O programa establece unha serie de regras xerais aplicables a ambos criterios:
 - ✓ A primeira e para regular que ambos criterios non son acumulables. Debe terse en conta que o cadro de asociados pode ter o seu orixe nun balance negativo de capacidade-carga básicas.
 - ✓ A segunda é permitir que voluntariamente un profesor dunha área nun campus con balance positivo de capacidade-carga básicas poida cubrir voluntariamente a docencia noutro campus se se dan as condicións marcadas neste programa. En tal caso a praza non sería convocada.

O documento foi debatido na COAP do pasado 4 de marzo e foi informado aos Comités de Empresa e Xunta de PDI.

Apróbase por asentimento o documento que se incorpora como **anexo I**.

Punto 6. Aprobación, se procede, das Normas de POD para o curso 2009/2010.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen expón que as normas de POD para o curso 2009/10 que se propoñen ao Consello de Goberno teñen o mesmo esquema das do ano anterior coas seguintes novidades:

- * Incorpórase a docencia dos graos a implantar.
- * A carga docente básica queda fixada pola referencia da COAP de 20/05/2008 incorporada como anexo ao programa especial de consolidación de cadros de profesorado que se acaban de aprobar.
- * As condicións de saída a concurso de prazas de axudante doutor ou categoría superior están afectadas polo dito programa e en segundo termo poden establecerse co mesmo criterio de anos anteriores.
- * Establécese unha precaución sobre o uso da figura de profesorado interino de substitución, de xeito que se fomenten os concursos de profesorado ordinario sempre que sexa posible e se reserve a dita figura para as causas de circunstancias sobrevidas. Queda a COAP delegada para analizar as situacións excepcionais.
- * Desaparece a palabra bolseiro do último apartado, xa que só o persoal contratado en programas de investigación ten capacidade docente.

Estas normas de POD foron debatidas na reunión da COAP do pasado 04/03/2009.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén o Prof. Legido quen, do mesmo xeito xa exposto no Consello de Goberno, reitera que o POD ten que contemplar todas as actividades do profesor e considera que a docencia dos mestrados oficiais ten que estar no POD. Alega tamén que están en contra de incluír un contrato-programa. Ante isto anuncia o seu voto en contra das normas.

O Prof. Berrocal solicita unha aclaración sobre o POD que se vai enviar nos casos de departamentos que teñen un primeiro con grao e os restantes cursos. Roga que exista unha uniformidade na implantación e que non se deixe en mans dos centros que poidan facer unha implantación doutro xeito.

O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado recorda que, en relación á inclusión da docencia dos mestrados en POD, que existe un acordo de Consello de Goberno sobre a non inclusión dos profesionalizantes e a inclusión, nos termos que constan na acta,

dos investigadores. No relativo a implantación dos graos, sinala que se ten pedido aos centros que remitan o encargo docente do primeiro curso e se algún centro quere implantar mais dun curso, a COAP fará un estudo técnico sobre esa posibilidade. Anuncia que o encargo se traerá ao Consello de Goberno en abril.

O Prof. Berrocal replica que ao retrasarse o encargo a abril, isto xera incerteza nos departamentos.

Procédese á votación sobre as normas de POD:

- A favor das normas de POD: 21 votos.
- En contra: 5
- Abstencións: 4.

Apróbanse por maioría o documento que consta no **anexo II**.

Punto 7. Aprobación, se procede, do límite de prazas para o curso 2009/2010.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen sinala que o cadro presentado coa documentación reproduce a proposta dos centros, ratificada na COAP de 04/03/2009, para establecer o número de prazas para o curso 2009/10 referente exclusivamente ás titulacións non afectadas pola implantación de novos títulos de grao. Enténdese que o límite de prazas dos estudos de grao ven fixado nas memorias recen aprobadas.

O cadro presentado reproduce tamén os límites do curso precedente agás para o 2º ciclo de Informática que aumenta de 75 a 85 prazas a proposta do centro. Ábrese unha quenda de intervencións:

O Prof. Legido pregunta sobre o primeiro curso de empresariais e se a Universidade da Coruña pon en marcha o primeiro curso do grao novo e a nosa Universidade non propón límite de prazas, se iso significa que iría sen límite. A idea que defende é que siga vixente.

O reitor recorda que o acordo do Consello Galego de Universidades non é ese, senón que os títulos que se transforman se extinguen. Posteriormente A Coruña presentou o título de Estudos Empresariais. Se a contestación do Consello Galego de Universidades é positiva para a Universidade da Coruña, tamén haberá un título para as outras dúas Universidades galegas, pero a Diplomatura de Empresariais se extingue.

Engade que onte mesmo se lle informou de que todos os asuntos pendentes das Consellerías pasarán a consultas na Consellería de Presidencia para decidir se son asuntos urxentes que deben ser tramitados antes do cambio de goberno.

O Prof. Legido alega que polo retraso pode ser que no se implante ningún e pregunta se as Universidades de Coruña e Santiago van ofertar primeiro da diplomatura.

O reitor resposta que non poden por aplicación das liñas xerais aprobadas por unanimidade no Consello Galego de Universidades. Debátese sobre o tema con intervención do reitor e o Prof. Legido.

O Prof. Berrocal pregunta se na Escola Universitaria de Estudos Empresariais só se impartirá segundo e terceiro, ao que o vicerreitor resposta que si.

O Prof. Rodeiro alega que no punto da orde de día non aparece límite de prazas de grao e considera que debería incorporarse o límite como un anexo.

O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado sinala que o límite aparece nas memorias dos graos aprobadas en Consello de Goberno e, polo tanto, no é necesario aprobalos de novo.

Procédese á votación sobre o límite de prazas.

A Prof^a. Garrido pregunta para cando está previsto que se reúna o Consello Galego de Universidades.

O reitor reitera que será a Consellería de Presidencia a que decida que asuntos teñen carácter urxente e poden ser tramitados por este goberno.

Procédese á votación:

- A favor do documento presentado co límite de prazas: 25 votos.
- En contra: 5.
- Abstencións: 5.

O Prof. Legido solicita que conste en acta o seu voto en contra.

Apróbase por maioría o límite de prazas que consta no **anexo III**.

Punto 8. Resolución do recurso de alzada presentado pola Prof^a. Montserrat Vázquez Gestal contra os acordos da Comisión Permanente de 7 de outubro de 2008 e do Consello de Departamento de 19 de decembro de 2008 do Departamento de Dereito Público Especial, Comunicación Audiovisual e Publicidade.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que están invitados como interesados a Prof^a Vázquez Gestal e o director do Departamento de Dereito Público Especial e Comunicación Audiovisual e Publicidade. Prof. Fernández López.

Trátase dun recurso de alzada presentado pola Prof^a Vázquez Gestal contra os acordos da Comisión Permanente de 7 de outubro e de Consello de Departamento de 19 de decembro de 2008 do Departamento de Dereito Público Especial e Comunicación Audiovisual e Publicidade, relativos a modificación de asignación de docencia en POD.

En concreto, a recorrente alega en primeiro lugar que os cambios en POD non son competencia da Comisión Permanente, senón do Consello de Departamento á vista do Regulamento de réxime interno do departamento.

En segundo lugar que non procedía esa modificación do POD en canto a recorrente obtivo unha bolsa de mobilidade “José Castillejo” do Ministerio de Ciencia e Innovación para disfrutala desde o 20 de outubro ata o 19 de marzo na Universidade de Miño e que na convocatoria da mesma se establece que se concede unha axuda á Universidade que permite contratar profesorado.

De acordo con anterior, a recorrente solicita que, en atención aos criterios de xerarquía e antigüidade que se lle repona na docencia anterior á modificación do POD.

Para comprender o sentido do recurso é necesario coñecer os antecedentes do asunto.

A Prof. Vázquez Gestal obtén unha bolsa de mobilidade “José Castillejo” que se desenvolve desde o 20 de outubro ata o 19 de marzo na Universidade de Miño.

Con data 7 de outubro celébrase sesión da Comisión Permanente do Departamento, na que tendo en conta a concesión da bolsa de mobilidade, e á vista de que a Prof. Vázquez Gestal tiña toda a súa docencia no primeiro cuadrimestre acordou aprobar unha modificación de POD e unha solicitude de invitación para cubrir a docencia vacante.

Posteriormente, na reunión de Consello de Departamento celebrada o 19 de decembro de 2008, se ratifica a modificación parcial do POD realizada pola Comisión Permanente.

De acordo cos feitos anteriores, o informe de asesoría xurídica se refire primeiramente ao feito de que, de acordo co Regulamento de réxime interno do departamento de Dereito Público Especial e Comunicación Audiovisual e Publicidade, a Comisión Permanente do Departamento non ten competencia para modificar o POD, polo tanto ese acordo debe ser anulado.

Sen embargo, debe terse en conta que, o 19 de decembro de 2008 o Consello de Departamento ratifica o contido do acordo adoptado inválidamente pola Comisión Permanente de 7 de outubro de 2008. Esta ratificación, é adoptada polo órgano competente e xerarquicamente superior polo que se entende convalidada a modificación de POD inicialmente adoptada. Aínda que debe sinalarse que a asignación da docencia dunha materia “Dirección Escénica e Interpretación” á Prof. Vázquez Gestal non aparece nin no acordo da Comisión Permanente nin no acordo do Consello de Departamento.

En relación á súa segunda alegación relativa á bolsa “José Castillejo” debe terse en conta que a convocatoria da bolsa non obriga a contratar substitutos, senón que é o departamento quen ostenta a súa potestade organizatoria da docencia para o caso de que un dos seus docentes se ausente.

Por último, a interesada solicita a aplicación destes criterios de xerarquía, antigüidade e idade na asignación da docencia e aquí debe terse en conta a xurisprudencia do Tribunal Supremo que establece que se non existen criterios previos establecidos na normativa,

correspondéndolle ao Consello de Departamento fixar eses criterios, polo que procede rexeitar esta alegación da recorrente.

En conclusión, se propón a este Consello de Goberno a estimación parcial do recurso de alzada presentado no seguinte sentido:

- Se declara nula a asignación de docencia á Sra. Vázquez Gestal na materia “Dirección Escénica e Interpretación” que non foi aprobada nin pola Comisión Permanente nin polo Consello de Goberno.
- Se anula o acordo da Comisión Permanente do Departamento de Dereito Público Especial, Comunicación Audiovisual e Publicidade de 7 de outubro de 2008 pero entendese validado polo o acordo ratificadorio de Consello de Departamento de 19 de decembro de 2008.

Intervén o Prof. Fernández López quen alega que son dúas as alegacións que se conteñen no recurso: unha relativa á aplicación da xerarquía e antigüidade, que debe ser rexeitada en aplicación da xurisprudencia consolidada do Tribunal Supremo; e outra sobre a falta de competencia da Comisión Permanente do Departamento en materia de POD, que considera non debe ser considerada nese sentido á vista do art. 6 do Regulamento de réxime interno do departamento que pode ser interpretado nun senso distinto ao que propón a asesoría xurídica e entender que efectivamente a mesma ten competencia. En consecuencia, solicita que se desestime o recurso presentado.

A Prof^a. Vázquez Gestal reafirmase na súa posición manifestada nos seus escritos.

A secretaria xeral en contestación ao Prof. Fernández López sinala que efectivamente son dúas as alegacións contidas no recuso, a primeira debe ser rexeitada en coherencia coa xurisprudencia reiterada do Tribunal Supremo e, a segunda, en contra do apuntado polo director do Departamento, debe ser tida en conta en canto a Comisión Permanente non é competente en materia de POD, de aí que o propio director do departamento convoque un Consello de Departamento para ratificar o acordo previo da Comisión Permanente e, nesa mesma sesión do Consello de Departamento aprobe unha delegación de competencias na permanente nesta materia. De tódolos xeitos, a asignación de docencia aprobada pola Comisión Permanente debe entenderse ratificada polo Consello de Departamento, pero o problema, como xa expuxo anteriormente é a asignación da materia “Dirección Escénica e Interpretación” que non foi aprobada nin pola Comisión Permanente nin polo Consello de Goberno.

De acordo co anterior, a secretaria xeral confirma a súa proposta de estimación parcial do recurso anteriormente exposta.

O Prof. Legido reitera o xa sinalado noutros Consellos de Goberno sobre a necesidade de regular a distribución de docencia nos departamentos. Ao que o reitor resposta que non lle parece axeitado.

Procédese a votación da proposta da secretaria xeral:

- Votos a favor: 25.
- Votos en contra: 1.
- Abstencións: 12.

Apróbase por maioría.

Punto 9. Execución da sentenza do Tribunal Supremo do 6 de marzo de 2007, relativa á anulación do acordo da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo de 24 de xuño de 1999 polo que se crea a entidade Cidade Universitaria, S.A.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que trátase como di o punto da orde do día da execución da sentenza do Tribunal Supremo de 6 de marzo de 2007, que anulou o acordo da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo de 24 de xuño de 1999, polo que se creou a entidade Cidade Universitaria S.A.

Imos recordar os antecedentes do tema:

- a) Con data 24 de xuño de 1999, a Xunta de Goberno da Universidade de Vigo aproba a creación da sociedade “Cidade Universitaria, S.A.” e nomea a os seus conselleiros. E o 1 de xullo dese mesmo ano, o Consello Social da Universidade de Vigo fai esa mesma aprobación.
- b) O día 30 de xullo de 1999 formalizouse a escritura pública de constitución desta sociedade que, segundo a escritura de constitución, está accionariada pola Universidade de Vigo (52,75% do capital social), Caixa de Aforros de Vigo (25%, Consorcio da Zona Franca de Vigo (20%) e Concello de Vigo (2,25%).
- c) A finais de 1999, a Federación de Traballadores da Ensinanza, integrada na *Unión General de Trabaxadores* (FETE-UGT GALICIA) interpón recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia contra o acordo da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo de 24 de xuño de 1999, polo que se crea Cidade Universitaria, S.A.
- d) O 7 de novembro de 2001, ditouse sentenza polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Sala do Contencioso-Administrativo, Sección Primeira), declarando a non admisión do recurso por falta de lexitimación do sindicato ao entender que o mesmo non tiña interese profesional ou económico.
- e) O Sindicato FETE-UGT GALICIA promoveu o Recurso de Casación ante o Tribunal Supremo que finalmente dita a Sentencia de 6 de marzo de 2007, que anula o *acordo da Xunta de Goberno da Universidade de 24 de xuño de 1999 polo que se creou a entidade “Cidade Universitaria, S. A.”*
- f) A Universidade de Vigo, presentou recurso da amparo ante o Tribunal Constitucional en xuño de 2007 e inadmitido en setembro de 2008.

Polo tanto do que se trata neste momento é de executar a sentenza de 6 de marzo de 2007, que estima o recurso presentado e, en consecuencia “*anula o acordo da Xunta de Goberno da Universidade de 24 de xuño de 1999 polo que se creou a entidade “Cidade Universitaria, S. A.”.*”

O informe da asesoría xurídica sobre a forma de executar correctamente esta sentenza parte da previsión contida no art. 103.2 da Lei da Xurisdición Contencioso-administrativa que establece que as sentenzas deben ser cumpridas “*en la forma y términos que en estas se consignent.*”

Polo tanto, para unha correcta execución debe efectuarse unha interpretación auténtica dos termos empregados no fallo da sentenza. En concreto, o fallo establece que “*anulamos el acuerdo de la Junta de Gobierno de la Universidad de 24 de junio de 1999 por el que se creó la entidad Cidade Universitaria, S. A.*”

A utilización do termo “anular” supón que o TS entende que por parte da Universidade se ten incorrido nun defecto de anulabilidade e que, polo tanto, pode ser subsanado. En concreto, o TS entende que o acordo de CG se ditou:

- “*Se dictó sin motivación.*”
- “*No se incorporaron a la resolución informes en derecho previamente realizados.*”
- “*Tampoco se hicieron cálculo ni estimación ni razonamiento alguno respecto a la repercusión que habría de tener el acto en el presupuesto universitario.*”

Pero ademais, o reproche que se fai á Universidade de Vigo é meramente formal, porque toda esa documentación existía xa no expediente administrativo aberto como consecuencia da creación da sociedade pero non se incorporou á documentación da sesión de Consello de Goberno para o seu coñecemento polos seus membros.

En consecuencia, ao ser un defecto subsanable, o Consello de Goberno pode adoptar un novo acordo sobre a creación da sociedade, que substitúa ao anulado e outorgarlle efectos retroactivos con vixencia desde o acordo inicial de 1999.

En conclusión, para ditar un acordo substitutorio da Xunta de Goberno de 24 de xuño de 1999, con efectos retroactivos, debe cumprirse estritamente o detectado como defectuoso na sentenza e polo tanto, debe aportarse a documentación existente no expediente para satisfacer o dereito de información que teñen os membros do Consello de Goberno sobre os asuntos a tratar na orde do día.

Dita documentación se ten remitido aos membros deste Consello de Goberno e é a seguinte:

- Resolución Reitoral de inicio de expediente, na que se motiva a participación da Universidade de Vigo na Constitución de Cidade Universitaria S.A.
- Estudo de viabilidade.

- Informe de asesoría xurídica sobre a fórmula xurídica empregada.
- Informe do servizo de control interno sobre o abono e aportación.

Pídese aos membros de Consello de Goberno que, á vista da documentación aportada apoiem este acordo substitutorio do adoptado no 24 de xuño de 1999 con efectos retroactivos desde esa data. Esta é a forma de executar a sentenza.

Esta forma de executar ven avalada tamén por outro informe xurídico do Despacho Garrigues.

Ábrese unha quenda de intervencións:

Intervén primeiramente o Prof. Legido a quen chama a atención a redacción do punto da orde do día e pregunta se a sociedade ten que crearse de novo, de xeito que habería que redactar un punto no que se di que CUSA se volve crear. Precisa, polo tanto, que se clarifique se con ese punto se volve crear a sociedade. Considera que é importante retomar esta cuestión e recorda que o argumento inicial no momento da creación de CUSA era que á Universidade de Vigo non lle ía suponer ningún coste e que podería ser rentable. Pregunta se o reitor sopesou outra posibilidade, é dicir, se a execución da sentenza só ten esa vía. Manifesta que non quere votar en contra dunha execución da sentenza pero se opón á creación outra vez da sociedade.

O prof. Vidal sinala que a sentenza pide anulación do acordo e non obriga a crear a sociedade. A este respecto, alega que non hai punto na orde do día nese sentido e que a creación debера ir noutro punto da orde do día; entende que se trata de evitar que haxa recursos que supoñan custos para a universidade.

O Prof. Rodeiro sinala que, lendo os documentos, a resolución non di que CUSA estea mal creada, senón que o punto da orde do día estaba mal feito e había que anulalo. A este respecto se trae a execución de anulación e se estraña de que fagamos máis do que di o punto. Non entende que haxa que substituír un acordo por outro distinto.

O Prof. Berrocal pide que a secretaria xeral lle asesore á hora de votar neste punto. Non quere votar que non á execución da sentenza, xa que é incorrer en desacato. Se vota que si di que quere que se cree a CUSA o que entra en contradición co que votou en 1999.

A secretaria xeral expón que do que se trata é de executar a sentenza que anula o acordo de Xunta de Goberno de creación de CUSA, porque hai un defecto subsanable. O que se propón é unha forma de executar esa sentenza e como non é un acto nulo senón anulable, se trata de volver ao ano 1999 e achegar o que non se achegou no momento pero que constaba no expediente administrativo elaborado pola Universidade.

Sinala a secretaria xeral que o voto negativo neste punto supón non aceptar a forma de executar proposta.

O Prof. Berrocal replica que hai outros xeitos de executar a sentenza.

O reitor explica que hai diferentes maneiras de executar que traen graves prexuízos para a Universidade de Vigo. Un membro do Consello de Goberno pode votar que non se considera bo outro xeito de executar.

O Prof. Berrocal di que lle gustaría debater sobre outras formas posibles de executar, como a de disolver a sociedade.

O reitor argumenta que esta solución é a que menos lesiona á Universidade e está avalada xuridicamente.

O Prof. Legido indica que a orde do día permite presentar outra posibilidade. A orde do día podería propor “anulación”.

A secretaria xeral alega que será o xuíz o que dirá se a execución se axusta ao establecido no fallo da sentenza.

A Prof^a. Blanco manifesta que o equipo de goberno é o encargado de traer unha proposta de execución ao Consello de Goberno.

O Prof. Rodeiro anuncia que vai votar en contra desa forma de executar.

O reitor manifesta que se trae unha fórmula limpa, barata, cómoda de executar e con fundamento xurídico, tendo en conta a importancia que ten para a Universidade Vigo.

O Prof. Rodeiro alega que se ten pedido un debate sobre o tema de CUSA en canto non é trivial o problema de fondo. Non se está a discutir o trasfondo que durante 10 anos se foi complicando como unha bola de neve.

A secretaria xeral expón que, en relación a este tema, houbo primeiro unha sentenza favorable e foi moito máis tarde, en 2007 cando houbo unha sentenza desfavorable á Universidade.

O Sr. Cebro manifesta que quere votar o menos lesivo para a universidade pero por coherencia co que votou en 1999 vai votar en contra da execución.

O Prof. Vidal entende que debería recollerse expresamente na orde do día que se quere anular o acordo de Xunta de Goberno de creación de CUSA.

A secretaria xeral resposta que a redacción do punto está motivado pola sentenza e do que se trata é de corrixir un defecto formal do acto do ano 1999, en canto a sentencia non supón declaración de nulidade que tería que estar explicitada na mesma. O xuíz viu a documentación e di que se trata dun problema formal.

Votación:

- A favor da proposta de execución: 25.
- En contra: 5.
- Abstencións: 5.

O Prof. Berrocal pide que conste en acta que non vota contra a execución da sentenza senón contra a forma de executar. Aplícase a todos os votos en contra.

Apróbase por maioría a execución.

Punto 10. Aprobación, se procede, da adscrición á Universidade de Vigo do Centro Universitario da Defensa.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que a lei 39/2007, da carreira militar modifica as ensinanzas das Forzas Armadas e deseña un novo modelo de ensinanza para a formación dos oficiais dos exércitos. Este novo modelo de ensinanza comprende, por unha parte, a formación militar xeral e específica que se imparte nas Escolas Militares e, por outra, a correspondente a un título de grao universitario do sistema educativo xeral que se impartirá nun centro universitario de defensa.

Para a implantación dese novo modelo, a propia Lei da carreira militar establece que o Ministerio de Defensa pode crear centros universitarios de defensa que deberán adscribirse a unha ou varias universidades públicas.

En coherencia con isto, o Decreto 1723/2008, de 24 de outubro, creou o Centro Universitario da Defensa situado na Escola Naval Militar de Marín e se iniciaron as actuacións na Universidade de Vigo co obxecto proceder á adscrición dese centro á Universidade.

En concreto, constituíuse unha comisión de traballo formada por persoal do Ministerio de Defensa, da Universidade e da Escola Naval de Marín que foi a encargada de preparar toda a documentación necesaria para a adscrición; en concreto, o convenio de adscrición que é onde se establecen todas as condicións da mesma, a memoria que esixe a normativa (onde se inclúe que título se impartirá: enxeñaría industrial con perfil mecánico, os medios persoais e materiais de que dispoñen, e o regulamento de réxime interno do centro e unha proposta de director do centro).

Os trámites que deben seguirse para a adscrición dun centro a unha Universidade pública están regulados na LOU e son a aprobación da C.A., a proposta do C.G. da Universidade, previo informe favorable do C.S, que se ten emitido o día 9 de marzo.

O Prof.. Legido intervéñ para sinalar que s trata dun proceso moi precipitado o que leva á presentación deste punto. Considera que é un acordo que beneficia á Universidade pero que debería explicarse mellor á Comunidade Universitaria.

O reitor recorda que este centro se podería adscribir a calquera universidade e este acordo supón un gran beneficio para a nosa Universidade.

Apróbase por asentimento.

Punto 11. Aprobación, se procede, do Acordo sobre selección temporal, acceso interno e adscrición provisional do persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo.

Punto 12. Aprobación, se procede, do Acordo sobre criterios de incorporación e cesamento do persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo derivados dos procesos de provisión e selección.

Se levan conxuntamente os puntos 11 e 12.

Teñen solicitado intervir neste punto a Sra. Graña e o Sr. Vilhar.

Cédese a palabra á xerente quen antes de expor o contido concreto dos acordos, sinala que foron aprobados na Comisión de Política de Emprego e asinados co presidente da Xunta de Persoal, dos Comités de Empresa de Ourense e Pontevedra e teñen informe favorable do Consello Social.

A Sra. Graña solicitou intervir ante a sorpresa da incorporación destes puntos e ante a sorpresa de que estiveran negociados. Fala por ela pero con varias sinaturas de compañeiros, e do que se trata é de que se retire o punto da orde do día. Falta que estes acordos sexan aprobados pola asemblea dos traballadores, porque non se levou á mesma. Non están en contra dos órganos de representación sindical nin en contra dos acordos senón que se levan ante os traballadores para que poidan alegar o que estimen oportuno. É cuestión de limpeza democrática e de respecto aos dereitos dos traballadores.

O Sr. Vilhar deixa claro que a lexislación que permite os acordos entre representantes sindicais e a dirección da empresa ven dun dereito constitucional. E non pode ser unha ponte para impedir o dereito dos traballadores para opinar. Non se trata da legalidade dos acordos senón do respecto do dereitos dos traballadores.

O Sr. Cebro agradece á xerencia e ao equipo de goberno a vontade para chegar a acordos. Pedían que se aprobase este tipo de documento para ser publicado no DOGA, ante o baleiro xurídico existente. Foi elaborado coa xerencia e os presidentes da Xunta de PAS e os Comités de Empresa, e foi aprobado por eles, en canto representantes dos traballadores elixidos lexitimamente. Foi aprobado polos tres órganos de representación dos traballadores e se pide ao Consello de Goberno que se respecten os acordos negociados e aprobados polos órganos de representación. Agradecen o clima de diálogo e entendemento coa xerencia.

A Sra. Graña alega que en outros ámbitos non sería posible esa discusión porque non sería posible un acordo entre os órganos de representación e a empresa sen pasar polas asembleas dos traballadores. Non cuestiona que traer isto aquí sexa legal senón que desde o punto de vista sindical non debería ser así. Reitera a súa petición de retirada do punto. Considera que estes acordo supoñen detraer dereitos que tiñan os traballadores.

O Sr. Vilhar ademais de apoiar á Sra. Graña sinala que ven aquí en representación de algúns dos seus compañeiros en canto están molestos porque os órganos de goberno e de representación actúan a espaldas dos traballadores. Non están en contra de que se chegue a acordos pero entende que no concurso do mes de outubro de traslados e na convocatoria se

establece que o procedemento estará regulado polo Decreto 13/1991 e o que se trae agora é unha mingua de dereitos dos funcionarios e causaría indefensión xurídica.

O Sr. Cebro reitera que os acordos foron negociados polos órganos de representación como di a lexislación vixente.

Achega á acta a Sra. Graña documentación con sinaturas solicitando a retirada do punto da orde do día (**anexo IV**).

O Sr. Mollinedo entende que aquí se suscitan cuestións de carácter persoal por determinadas persoas. Solicita que se vote o acordo neste Consello de Goberno.

O Sr. Vilhar en referencia ás alusións do Sr. Mollinedo de que ven ao Consello de Goberno pola defensa dos seus intereses persoais, sinala que é lexítimo facelo.

A Sra. Bernal, en relación ás sinaturas dos compañeiros, alega que habería que saber que as sinatuas non pasaron polos representantes en Consello de Goberno e a lista se levou ás agachadas.

A xerente sinala que é vontade desta xerencia seguir negociando todos os procesos que sexan necesarios para chegar a acordos. Nestes dous acordos a dedicación e o esforzo é de moito tempo e se trae a categoría de acordo ao Consello de Goberno como órgano máximo para a súa aprobación e esa é a forma de traballar para esta xerencia. Anuncia que seguirá a traballar nesta liña

Apróbase por asentemento o punto 11. (**Anexo V**).

Aprobábase por asentemento o punto 12. (**Anexo VI**).

Punto 13. Aprobación, se procede, da adhesión da Universidade de Vigo á Rede Española de Universidades Saudables (R.E.U.S.).

Cédese a palabra á vicerreitora de Extensión Cultural e Estudiantes quen explica o contido concreto da REDE Española de Universidades que consta no **anexo VII**.

Apróbase por asentimento.

Punto 14. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Protocolo de colaboración coa Consellería de Innovación e Industria, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña, para regular determinados aspectos da convocatoria correspondente ao ano 2008 do programa horizontal de recursos humanos do Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica-incite (2006-2010).

Apróbase por asentimento.

Punto 15. Elección para cubrir unha praza vacante do sector de estudantes na Comisión de reclamacións a prazas de profesorado contratado.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que non hai candidatos presentados.

Punto 16. Elección para cubrir as seguintes vacantes en comisións delegadas do Consello de Goberno: Comisión de planificación e asuntos económicos (1 membro do Consello Social).

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que non hai candidatos presentados.

Punto 17. Rogos e preguntas.

Intervén o Sr. Iago Varela para rogar que se estude a posibilidade de que se amplíe a catro prazos o pago da matrícula. Pregunta ademais sobre o calendario para o próximo curso académico e expón que existen queixas dos alumnos de Belas Artes sobre a implantación do grao. Finalmente traslada unha queixa sobre as utilidades da tarxeta universitaria, que parecen limitarse a aqueles que teñen contratado algún servizo co Banco de Santander emisor da tarxeta.

O reitor resposta que se estudará o tema da matrícula e tamén se revisarán as utilidades da tarxeta universitaria.

A vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea manifesta que se está traballando coas tres Universidades cunha proposta única de calendario e o inicio da actividade académica estaría prevista para unha vez que os exames de setembro estiveran rematados. Tamén se traballa para que os procesos de matrícula sexan máis áxiles.

Sobre o grao de Belas Artes o decano do centro contesta que os temas concretos se van resolvendo e as queixas son dos alumnos da licenciatura mais que do grao. Se van resolvendo unha a unha incluso a nivel persoal. No grao se teñen detectado algunhas incidencias que se van resolvendo pouco a pouco ante a falta de experiencia sobre o tema.

O Prof. Mejuto sinala que nun local universitario se celebrou un mitin cun vicerreitor que pediu o voto para un partido concreto. Pregunta ao reitor se vai tomar medidas.

O reitor resposta dicindo que é difícil manter os equilibrios nos procesos electorais porque en determinadas circunstancias hai cousas que se poden interpretar mal e despois tamén está a utilización que se queira facer do tema. Son momento difíciles para poder gobernar con equilibrio. Se trata de preservar o equilibrio institucional e deixando claro que iso é o que fai sempre, facer un chamamento nese sentido a todos os cargos da universidade.

O reitor aproveita este punto para responder á Sra. Álvarez Pereira que preguntou sobre o tema da piscina, pero ante a súa ausencia, decide facelo doutro xeito.

O Sr. Fariñas alega que sobre o tema da piscina fixo tamén unha intervención, e sorpréndelle que agora non se lle responda a el. O reitor di que a súa compañeira pediu unha comparativa de prezos e que non ten problema en facilitarlle a el a información.

O Sr. Fariñas sinala que iso xa o ten, pero o que pregunta é sobre os prezos para os membros da comunidade universitaria, que son elevados e entende que non se fai un esforzo nese sentido.

Debátese sobre o tema entre o reitor e o Sr. Fariñas.

O reitor sinala que hai un acordo unánime por parte do Consello de Campus sobre este novo servizo que se ten no campus de Ourense. Recorda o reitor que se trata dunha concesión administrativa que é a empresa concesionaria quen os pon.

O Sr. Mato sinala que esta é unha universidade pública e que a piscina ten que estar aberta a todos e en boas condicións.

Segue o Sr. Fariñas insistindo no tema dos prezos da piscina. O reitor recorda novamente a decisión do Consello de Campus e a existencia dun concurso público ao que asistiu a empresa concesionaria

Debátese novamente sobre o tema.

O Sr. Fariñas insiste novamente no tema da biblioteca en canto o persoal non permite o servizo de préstamo en horario ampliado e roga que se permita tamén nese tempo.

A xerente sinala que se estudará esa posibilidade a través do director da Biblioteca.

O Sr. Fariñas sinala que no programa SICUE no punto 9 se establece que si unha persoa renuncia se lle penaliza e non poden pedilo o ano seguinte. Roga que se estude a posibilidade de que se a pide no ano seguinte e quedan prazas desertas, se lle poida conceder.

O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado sinala que a cláusula de finalización se incluíu debido a que se renunciaba a última hora e se prexudicaba aos asinantes, quedando vacantes as prazas. Se revisará a convocatoria. Pero isto se fará para a seguinte convocatoria.

Debátese sobre o tema entre o Sr. Fariñas e o vicerreitor.

O Sr. Fariñas traslada queixas do servizo de reprografía do edificio Xurídico-Empresarial polo prezo das fotocopias que é mais caro que o prezo da rúa.

O reitor sinala que a concesión cos prezos determinados pasa por informe do centro concreto e o servizo de contratación antes da sinatura de contrato. Cando se acabe o contrato se pode denunciar. Pero é cousa do decanato.

O Sr. Fariñas solicita que a Universidade impulse a creación dun Consello de Estudantes como noutras universidades.

A vicerreitora de Extensión Cultural e Estudiantes resposta que apoiará a iniciativa dos estudantes.

O Sr. Puga expón que a semana pasada estivo xunto coa Sra. Riobó en Valencia onde se debateu sobre o borrador de Estatuto de Estudiantes con ponencias diversas. Así se falou da importancia do Consello de Estudiantes como máximo órgano de representación estudantil.

Traslada tamén a preocupación de que moitos compañeiros de enxeñaría industrial por que o seu patrón non se vai celebrar do xeito que eles estiman axeitado. Solicita que desde a vicerreitoría de Extensión Cultural e Estudiantes se reúnan os estudantes para que se poidan fixar criterios xerais para a celebración das festas dos patróns dos centros.

A vicerreitora de Extensión Cultural e Estudiantes agradece ao Sr. Puga a iniciativa.

A Sra. Riobó solicita se é posible resolver a situación na que se atopa a aula de informática.

O vicerreitor do Campus de Ourense sinala que falará coa concesionaria.

O Prof. Berrocal, cree que se está pasando polo tema de CUSA con elegancia e de puntillas pero roga que se faga unha diferenciación entre a concesión administrativa dunha entidade allea ou dunha como pode ser CUSA.

Por outra parte, insiste no tema da páxina web, sinala que ten un link a unha páxina de contactos: busco amante galego-falante. Tamén sorprende que o vicerreitor de Relacións Institucional sae cunha camiseta con ese logo no periódico. Entende que, como institución non deberían ocorrer esas cousas.

O vicerreitor sinala que o da páxina de contactos é un concurso para que poidan presentarse todos os que estean interesados.

O vicerreitor de Formación e Innovación Educativa, en relación ás alusións do Prof. Mejuto, sinala que interveu na campaña pero non como vicerreitor senón como cidadán no exercicio dos seus dereitos políticos.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:25 horas do día 10 de marzo de 2009 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do reitor



O reitor

Alberto Gago Rodríguez



A secretaria xeral

Esther M. González Pillado